



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ceip.isidro.parga@edu.xunta.es
[http://www.edu.xunta.es/centros/
ceipisidroparga](http://www.edu.xunta.es/centros/ceipisidroparga)



PLC

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	3
2. XUSTIFICACIÓN.....	3
3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA E DA ESCRITURA NO CENTRO...5	
3.1 Entorno sociocultural.....	5
3.2 Análise das prácticas lectoras do alumnado.....	5
3.3 Análise da situación da Biblioteca Escolar.....	5
4. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO PLAN LECTOR.....	7
4.1 Elaboración do Plan Lector Anual.....	7
4.2 Coordinación do Plan Lector.....	7
5. DESCRIPCIÓN DETALLADA DO PLAN DE ACTUACIÓNS PROPOSTO.....	8
5.1 Xustificación.....	8
5.2 Obxectivos.....	9
5.2.1 Obxectivos xerais.....	9
5.2.2 Obxectivos específicos.....	10
5.3 Medidas e actuacións.....	10
5.3.1 Actuacións para o desenvolvemento da competencia lectora.....	10
5.3.2 Actuacións para fomentar o hábito lector.....	14
5.3.3 Apoio aos alumnos con dificultades lectoras.....	17
6. METODOLOXÍA.....	19
6.1 Principios metodolóxicos.....	19
6.2. Ensinanza das estratexias lectoras.....	21
6.3 Actuacións comúns ao profesorado.....	23
7. RECURSOS DO CENTRO PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO.....	24
7.1 Recursos humanos.....	24
7.2 Recursos materiais.....	25
7.3 Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC) e Lectura.....	25
8. AVALIACIÓN.....	26
8.1 Avaliación do desenvolvemento do Plan Lector.....	26
8.2 Instrumentos de avaliación.....	29
9. CONCLUSIÓN.....	29

1. INTRODUCCIÓN

Unha das causas do fracaso escolar é a falta de comprensión do que len os alumnos e alumnas é a consecuente incompetencia tanto para entender conceptos coma para responder axeitadamente ás tarefas propostas na aula. A primeira responsabilidade da escola é a de formar lectores competentes, é dicir, que contén cos mecanismos mentais necesarios para entender e expresar o que se le, se escoita e se escribe na aula.

A educación Primaria é a etapa de consolidación das capacidades lectoras e escritoras e é absolutamente necesario dispoñer dun sistema de adestramento para o desenvolvemento progresivo destas habilidades lectoras ao longo de toda a etapa. Primeiro deben aprender a ler e escribir, despois aprender a ler e escribir textos de maior dificultade e máis diversos.

Por iso o Proxecto Lector céntrase nas habilidades básicas, no reforzamento das destrezas tradicionais: a comprensión lectora, a expresión oral e escrita e o gusto pola lectura.

Pero o desenrolo das competencias lingüísticas é una tarefa interdisciplinar que ten que estar presente en todas as materias do currículo. A comprensión de textos orais ou escritos é necesaria para entender as explicacións dos profesores; polo tanto, o desenvolvemento das competencias lingüísticas é responsabilidade de todo o profesorado, non só dos que imparten as linguas.

O Proxecto Lector terá que facer reflexionar a todo o profesorado do Centro sobre o traballo interdisciplinar da lectura e da escritura para poder adoptar estratexias que permitan o desenrolo en todas as áreas do currículo.

As decisións tomadas **quedarán reflectidas no Plan Anual de Lectura**, que ten como finalidade coordinar a actuación que os/as mestres/as levan á práctica diariamente; polo tanto debe ser un instrumento dinámico, e susceptible de posibles adaptacións ou modificacións.

2. XUSTIFICACIÓN

A xustificación do mesmo ben dada pola aplicación da *Ley Orgánica 2/2006, de*

3 de maio, de *Educación*, que nos seus artigos 16.2, e 17 e), 19.2 e 19.3 que indican o seguinte:

- Unha das finalidades da Educación Primaria é a adquisición das habilidades culturais básicas relativas á expresión e comprensión oral e á lectura.
- Os/As alumnos/as deben desenvolver hábitos de lectura.
- A lectura debe traballarse en todas as áreas do currículo.
- A fin de fomentar o hábito da lectura, adicarase un tempo diario á mesma.

Así mesmo, no *decreto 130/2007 do 28 de xuño, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu artigo 6.4*, establécese que os centros educativos elaborarán e aplicarán un Proxecto Lector coa finalidade de fomentar o hábito da lectura, e no actual decreto que regula o currículo de Educación Primaria en Galicia, o *Decreto 105/2014 do 4 de setembro, que no seu artigo 18*, que establece que “os centros docentes deberán incluír dentro do seu Proxecto Educativo un programa de centro de promoción da lectura (Proxecto Lector de Centro) no que se integren as actuacións destinadas ó fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave. Este programa de centro será o referente para a elaboración dos plans anuais de lectura que se incluírán na Programación Xeral Anual.”

Este mesmo Decreto reflexa que “a lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, e é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión lectora de todo tipo de textos e imaxes, en calquera fonte e formato.” Asimesmo, tamén fai referencia ó papel da **biblioteca escolar “como instrumento fundamental para o desenvolvemento do programa de promoción da lectura** (Proxecto Lector de Centro), como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe e como punto de encontro entre alumnado, profesorado e familias que facilite a comunicación, a creatividade, as aprendizaxes e o traballo colaborativo, ademais de estimular os intercambios culturais no centro.”

3. ANÁLISE DA SITUACIÓN DA LECTURA NO CENTRO

3.1 ENTORNO SOCIAL E CULTURAL

O CEIP Isidro Parga Pondal é un centro público situado en Oleiros, A Coruña, no que estudan arredor de 440 alumnos de entre 3 e 12 anos e onde se imparten ensinanzas de Educación Infantil e Primaria. O colexio conta con 6 aulas en Infantil e 12 en Primaria, o que suma un total de 18 aulas nas que traballan 33 mestres/as abordando todos os campos do currículo.

Oleiros é unha zoa con boa habitabilidade e uns servicios suficientes; o conforma unha clase media e alta cun nivel cultural e económico tamén medio-alto. Esta situación de normalidade tradúcese na vivencia colectiva dun lugar con bastante calidade de vida, onde ademáis o centro educativo e a Biblioteca municipal canalizan en gran medida as expectativas educativas e culturais.

3.2 ANÁLISE DAS PRÁCTICAS LECTORAS DO ALUMNADO

O alumnado deste centro presenta unhas características singulares tales coma un uso importante da lingua castelá, unha situación socioeconómica e cultural media e nalgúns casos alta e posibilidade de acceder a diferentes actividades de ocio fóra do colexio.

Para coñecer máis sobre as prácticas lectoras do noso alumnado, pretendemos entregar a todos os alumnos/as de E.Primaria unha enquisa elaborada polo Equipo de Biblioteca coa finalidade de coñecer a situación da que partimos, en canto a hábitos lectores dos alumnos/as do centro. Están realizadas en fase de recollida dos resultados para a posterior valoración, que se fará ao comezo do vindeiro curso, coa finalidade de establecer as estratexias no Plan Lector Anual para mellorar a competencia lectora dos nosos alumnos/as.

3.3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A nosa biblioteca está ubicada na planta baixa do edificio nunha aula de fácil acceso para todos os usuarios. Despois da remodelación sufrida o curso 19-20, contamos cunha superficie duns 80 m², e ten capacidade para aproximadamente 40 alumnos/as, o que permite habilitar **diferentes zonas**:

unha para **lectura, traballo individual ou grupal**, outra de **xestión da biblioteca** que dispón dunha mesa, un ordenador para a informatización dos fondos, unha impresora e un lector de código de barras, outra zona para **consulta na rede** e outra para **exposición de novidades**.

Os fondos da biblioteca están distribuídos en tres seccións: unha para os libros de consulta e coñecemento, outra para os de literatura infantil e xuvenil e outra para dicionarios e enciclopedias. Están organizados mediante adaptación da CDU. Os libros de literatura infantil e xuvenil están sinalados con etiquetas de cores (vermello para Infantil, amarelo para 1º ciclo de Primaria, verde para 2º ciclo e laranxa para 3º ciclo)

O mobiliario atópase en xeral ben; temos un ordenador conectado á rede e unha pantalla; contamos tamén cun expositor para novidades.

O noso fondo bibliográfico é de aproximadamente de 10.000 exemplares que pouco a pouco vai aumentando, pois existe un presuposto anual para a adquisición de novos fondos, ademáis das dotacións económicas da Xunta de Galicia. De todos os xeitos, neste fondo hai libros que están deteriorados e outros que non están actualizados, polo que cada ano propónse un expurgo. Ademáis de libros, o centro dispón doutros soportes documentais, como DVDs, CD Rom...

A biblioteca permanece aberta durante todo o horario lectivo e durante os recreos é cando se realizan os préstamos e as devolucións; cada aula dispón dunha sesión semanal reservada para a lectura ou a realización de traballos. Nas horas restantes a biblioteca está a disposición de todos para lectura ou consulta. Os alumnos/as deben estar sempre acompañados por algún profesor/a que se faga responsable deles.

En Educación Infantil o hall está habilitado cun pequeno espacio acolledor para a lectura no momento de lecer.

Os titores tamén levan libros ás aulas e ata o segundo nivel de Educación Primaria xestionan eles o préstamo. A partir do terceiro nivel veñen eles á biblioteca á hora do lecer para coller ou devolver as lecturas.

Empregamos o soporte MEIGA.

Encárgase da xestión da biblioteca un grupo de profesores/as: o coordinador e,

polo menos, un representante de cada ciclo.

O coordinador forma parte da Comisión de Coordinación Pedagóxica.

4. ORGANIZACIÓN E PLANIFICACIÓN DO PLAN LECTOR

4.1 ELABORACIÓN DO PLAN ANUAL

O Proxecto Lector do centro será a referencia para a elaboración do Plan Anual de Lectura, que ao comezo de cada curso escolar, recollerá as actuacións, as estratexias e actividades concretas (temporalizadas) que van a realizar os/as profesores/as do centro para a mellora das competencias lectoras do alumnado. Segundo di o *Decreto 130/2007 do 28 de xuño, polo que se establece o currículo de Educación Primaria na Comunidade Autónoma de Galicia*: “O profesorado de todas as áreas e materias, de todos os niveis educativos incluírán nas súas programacións as actividades previstas segundo a temporalización que nel se acorde, determinando a dedicación real dun tempo mínimo diario para a lectura e a inclusión de prácticas de comprensión e fomento da lectura e da escritura”.

Para darlle forma ao Plan de Lectura e escritura podemos utilizar un esquema sinxelo, respondendo ás preguntas: quen, qué, cómo, cando e onde.

- **Quen:** todo o equipo docente intervirá no deseño e posta en práctica do plan (aínda que pode haber un responsable dunha actividade concreta).
- **Qué:** É dicir, que medidas vanse establecer a nivel de centro e en cada curso e materia.
- **Cando:** En qué momento do curso se van traballar esas medidas (temporalización).
- **Como:** De qué forma se vai traballar a nivel de centro e en cada curso e materia.
- **Onde:** En qué espazos se van traballar estas actividades (na biblioteca, na aula, na casa, na clase...).

4.2 COORDINACIÓN DO PLAN LECTOR

O Equipo Directivo sensibilizará e impulsará o desenvolvemento do Proxecto Lector a través dos diferentes Plans Anuais. Para iso, ao comezo de cada

curso, nomeará ao coordinador/a que será preferentemente a persoa dinamizadora da biblioteca escolar que será o encargado/a de formalizar e impulsar a posta en práctica do Plan Anual, na que estará implicado todo profesorado xunto co Equipo de Biblioteca.

Para levar a cabo este Plan seguiranse os seguintes pasos:

- Introdución como un punto da orde do día nas reunión de Ciclo, de Departamentos e de C.C.P., aspectos relacionaos co Proxecto Lector.
- Introdución das actividades relacionadas coa lectura nas programacións docentes.
- O director informará ao Consello Escolar sobre o desenvolvemento do Plan Anual de Lectura.
- Incluírse na Programación Xeral e no PEC.

5. DESCRIPCIÓN DETALLADA DO PLAN DE ACTUACIÓNS PROPOSTO

5.1 XUSTIFICACIÓN

O proxecto lector supón un esforzo de sistematización e coordinación da ensinanza da lectura; aínda que a aprendizaxe do código se realiza con relativa rapidez, posteriormente é necesario un proceso asociativo lento que require unha práctica intencionada e sistemática. **A finalidade é que os alumnos/as sexan lectores competentes**, é dicir, que sexan capaces de ler con precisión e rapidez, que desenvolvan a habilidade para comprender, e que estean motivados para a lectura, ben por pracer ou porque a consideran un medio indispensable para a aprendizaxe. Deberemos ter en conta tamén que a lectura vai estreitamente ligada á escritura e á expresión oral, polo que debe traballarse de forma conxunta.

Por todo o exposto anteriormente é necesario que cada centro programe estratexias lectoras adaptadas ás necesidades do seu alumnado e ao mesmo tempo propicie as condicións para que poida cultivar o hábito lector.

5.2 OBXECTIVOS

5.2.1 Obxectivos xerais

- 1.- Incluir no proxecto educativo, nas programacións didácticas e na programación xeral anual a idea da necesidade da lectura, dedicándolle á mesma os recursos materiais e persoais que requira.
- 2.- Implicar a todo o profesorado do centro para que se realice un programa de lectura xeral e poñelo en práctica cos seus alumnos/as, así como participar en actividades de formación.
- 3.- Erradicar na medida do posible dificultades lectoras que afastan ao alumnado da lectura.
- 4.- Mellorar a capacidade lectora do alumnado, non só a nivel mecánico, senón tamén a nivel de comprensión lectora, desenvolvendo o hábito lector
- 5.- Favorecer o gusto pola lectura como alternativa de lecer e como recurso para o desenvolvemento intelectual e cultural.
- 6.- Informar ás familias da necesidade da lectura e implicalas no proxecto de lectura que se estableza no centro ou na aula.
- 7.- Dinamizar as bibliotecas de aula e a do centro con actividades atraentes para toda a comunidade escolar.
- 8.- Fomentar o uso da biblioteca como instrumento de lecer e recurso para “aprender a aprender”.
- 9.- Establecer un programa de formación de usuarios de bibliotecas para que aprendan a desenvolverse autonomamente na procura de información.
- 10.- Realizar actividades de animación lectora, de interrelación entre niveis e coas familias.
- 11.- Favorecer o uso dos recursos informáticos e internet para a obtención de información.
- 12.- Establecer frecuentes utilizacións dos recursos bibliotecarios para o traballo cotián da aula.
- 13.- Realizar o mantemento dos recursos da biblioteca e manter unha relación fluída coas bibliotecas escolares e municipais da localidade.
- 14.- Coordinar dende as distintas áreas de aprendizaxe a dedicación dun

tempo de media hora diaria á lectura.

5.2.2 Obxectivos específicos

- 1.- Incentivar o gusto pola lectura
- 2.- Mellorar a comprensión lectora
- 3.- Ler con fluidez e entonación adecuada
- 4.- Ampliar o vocabulario
- 5.- Desenrolar a expresión oral
- 6.- Estimular a creatividade
- 7.- Enriquecer a imaxinación
- 8.- Fomentar o espírito de investigación
- 9.- Desenvolver a creación de xuízo crítico
- 10.- Compensar desigualdades sociais

5.3 MEDIDAS E ACTUACIÓNS

As actividades propostas serán aplicadas en Educación Infantil e Primaria, a diferentes niveis de dificultade.

5.3.1 Actuacións para o desenrolo da competencia lectora

En Educación Infantil:

Para a aprendizaxe do código escrito hai que ter en conta o nivel de desenvolvemento das habilidades prelectoras e preescritoras: percepción e discriminación visual, percepción e discriminación auditiva, lateralidade, grafomotricidade, organización temporal, sentido rítmico, memoria e linguaxe oral e a metodoloxía da ensinanza da lecto-escritura.

É importante que os alumnos/as de Infantil tomen contacto con diferentes tipos de textos, que aprendan a descifrar mensaxes sinxelos que utilizan códigos distintos (imaxes, palabras, símbolos...) e sobre todo que sintan interese pola lectura. Por todo o exposto, considérase conveniente traballar as seguintes actividades:

Actividades en torno a diferentes tipos de textos:

- Actividades con textos literarios:
 - Lerlles diferentes textos literarios procurando diversificar.
 - Aprender diferentes manifestacións literarias, acordes co seu nivel.
 - Explicar o seu significado.
- Actividades co periódico (sobre todo cos alumnos de 5 anos):
 - Comentario de noticias
 - Recoñecer as partes máis elementais dunha noticia: titular, foto, pé de páxina corpo da historia...
 - Completar noticias das que solo se ten algún dos seus elementos (a foto e poner o título, o corpo da noticia e inventar o debuxo...).
- Actividades con anuncios e folletos publicitarios:
 - Recortar e seleccionar anuncios sobre un produto determinado.
 - Separar imaxes e textos de varios anuncios e emparellalos.
 - Clasificar etiquetas de diferentes produtos.
 - Inventar ou transformar anuncios.
- Actividades con textos de uso común a nivel de adultos: notas, cartas, programas de actividades...
 - Acostumar aos alumnos a lerlles diferentes textos e indicarlles por qué e para que os utilizamos nese momento (por exemplo:imos escribir unha nota aos pais para comunicarlles que hai unha reunión; imos buscar no periódico a programación para ver a qué hora son os debuxos...).
 - Comunicarnos por carta con outros colexios, coa Biblioteca Municipal...

Actividades relacionadas coa comprensión de símbolos e imaxes

- Utilización de pictogramas como preparación para a lecto-escritura.
- Actividades en torno ao nome propio, como por exemplo:
 - Facer tarxetas co nome dos nenos da clase, cun distintivo para que cada un coñeza a súa e poida utilizala para copiar o seu nome nos traballos realizados.
 - Xogos de análise e comparación de nomes (nomes longos/curtos, coa

mesa letra inicial ou final, nomes compostos, recortes de nomes...).

- Busca de palabras que comencen igual que o nome propio
- Actividades en torno ao conto:
 - Presentación do soporte conto: mostrar a portada e diferenciar título, ilustración, nome do autor e do ilustrador...
 - Actividades a partir do título: copia na pizarra por parte do profesor e análise do mesmo (número de palabras, letras que contén, copia do título...) Estas actividades poderían realizarse tamén despois da lectura do conto.
 - Propostas de imaxinar e facer hipótese acerca do título, do tema...
 - Lectura ou narración do conto (por parte do profesor, dos compañeiros doutros cursos, dos pais, dos avós..., e dos propios alumnos da aula)
 - Si se fan interrupcións durante a lectura ou narración, facer predicións do que pode ocorrer a continuación e comprobar despois si se acertaron ou non.
 - Actividades de comprensión oral acerca do conto mediante un diálogo dirixido, formulando preguntas abertas.
- Xogos de modificar o conto para fomentar a creatividade:
 - Cambiar o argumento de forma premeditada (Pulgarcito é malo e alto e o Ogro é baixo e bo ...)
 - Continuar o conto: ¿Qué fará despois Pulgarcito coas botas de sete leguas?
 - Mesturar elementos de diferentes contos: Pulgarcito encontrouse con Carapuchiña no bosque...
 - Inventar outros personaxes, outros títulos, outros finais...
 - Repetir a lectura do conto pero introducindo erros ou cambios que hai que descubrir.
 - Actividades de expresión artística: debuxos e dramatizacións do conto.

En Educación Primaria:

Traballárase a lectura diaria en clase, en todas as materias, de forma silenciosa ou en voz alta, individual ou colectiva.

- Exercicios para mellorar a técnica lectora, tratando de conseguir:
 - Pronunciación correcta e clara
 - Entonación e ritmo apropiados
 - Eliminar o silabeo
 - Mellorar de forma progresiva a velocidade na lectura mecánica
- Axudar aos alumnos/as na comprensión global do texto para, de forma progresiva, aprender a identificar a idea principal e as secundarias
- Ensinar a facer resúmenes para que aprendan a extraer o esencial. Pódense facer de forma oral e/ou escrita, de textos orais (explicacións, exposicións, documentais, vídeos...) ou de textos escritos.
- Ensinar a subliñar textos (2º e 3º ciclo). É importante que saiban cales son os fragmentos que expresan as ideas máis importantes. Ante a imposibilidade de subliñar os libros de texto poden ir anotando no seu caderno as ideas fundamentais dunha lectura.
- Ensinar a facer esquemas e mapas conceptuais reelaborando o contido do texto e adaptándose aos esquemas persoais, o que contribuirá a unha maior comprensión do mesmo. Sería axeitado facelos de forma sistemática polo menos na área de coñecemento (no 3º ciclo)
- Mellorar e ampliar o vocabulario de cada área mediante as seguintes actividades:
 - Confección do vocabulario de cada unidade ou o listado dos temas fundamentais de cada tema, e utilización dos mesmos nas actividades que se propoña
 - Estudar as palabras destacadas
 - Deducir o significado dunha palabra polo contexto
 - Recoñecer raíces, prefixos e sufixos
 - Analizar as palabras compostas
 - Descubrir no texto sinónimos e antónimos
 - Identificar estranxeirismos e neoloxismos
 - Consultar o dicionario
- Lectura en clase, por parte do profesor ou dos alumnos, de textos complementarios aos de clase: periodísticos, divulgativos, enciclopédicos

ou literarios.

- **Realizar traballos de investigación:** a realización destes traballos é unha boa oportunidade para poñer en práctica unha serie de habilidades relacionadas coa lectura tales como a selección de información, a síntese, a produción de textos, a presentación da información con apoio visual e gráfico, a exposición oral dos mesmos, etc. Faranse estes traballos sobre temas dos libros de texto de calquera área ou das saídas culturais (concerto, teatro...), e tamén sobre calquera outro tema proposto.
- **Crear definicións precisas dos conceptos** máis significativos de cada área
- **Propostas de lectura obrigada** en todos os ciclos dun determinado número de libros por trimestre.
- **Facer un seguimento do caderno de clase** do alumno/a en todas as áreas: comprobando a letra, a ortografía, os hábitos de orde, de traballo e de síntese. Isto terase en conta tanto para a avaliación do alumno como para saber si as actividades son adaptadas as súas necesidades.
- Nas linguas escolares prestarase **especial atención ao aprendizaxe do código escrito**, á riqueza de vocabulario, á construción de oracións, párrafos e textos, incluídos os literarios (literatura infantil e xuvenil). Nas restantes áreas hai que prestar especial atención ao vocabulario clave da área, á construción de definicións e explicacións, aos tipos de textos máis significativos da área e á familiarización coa utilización de recursos variados: dicionarios, enciclopedia, biblioteca e materiais en soporte electrónico.

5.3.2 Actuacións para o fomento do hábito lector

A animación á lectura non pode consistir exclusivamente nunha serie de actividades puntuais senón en acción incluídas na dinámica escolar e levadas a cabo con regularidade. Ademais, pode chegar a gozar coa lectura quen desenvolveu unha competencia lectora aceptable, xa que un dos motivos da falta de hábito lector radica nas dificultades de comprensión e no esforzo excesivo que pode supoñer o exercicio lector. Capacidade lectora e hábito

lector inflúense recíprocamente.

A animación á lectura no ámbito escolar pódese levar a cabo na aula, no centro e en colaboración coa familia e outras institucións. En definitiva, trátase de que tanto na aula, como no centro ou fóra del, os alumnos/as perciban un clima que propicie o desenvolvemento do hábito lector.

FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NA AULA:

Na aula debe reinar un clima lector, polo que hai que establecer os tempos e espazos adecuados. Lerlles todos os días, falarlles de lecturas, preguntarlles polo que len, aconsellalos sobre os intereses e necesidades..., contribúen ao desenrolo do hábito lector.

Preséntanse a continuación unha serie de actividades para desenvolver na aula:

Para Educación Infantil:

- Formar a biblioteca de aula con libros da Biblioteca escolar e/ou Municipal
- Sesións de “contacontos” tendo en conta as estratexias expostas anteriormente
- A mochila viaxeira: cada semana un alumno/a será o encargado de levar a casa a mochila con varios libros e xogos de lóxica

Para Educación Primaria:

- Dedicar un tempo diario á lectura silenciosa dentro da aula, lectura por pracer. Os alumnos elixirán o libro que queiran da biblioteca de aula (que está formada por unha selección de libros da biblioteca do centro ou da biblioteca municipal, e que se renovará cada trimestre).
- Lectura colectiva dun mesmo libro: Nalgúns momentos do curso podemos empregar este tempo de lectura por pracer para realizar outras actividades de animación á lectura como as propostas para o día do libro ou para preparar a vista dun autor. Cada alumno ten que dispoñer dun volumen do mesmo exemplar. As fases do desenrolo desta actividade poden ser:
 - Ir lendo o libro en voz alta, aclarando o significado das palabras e expresións que presenten dúbidas
 - Comentario oral e resume de cada capítulo

- Ao finalizar a lectura do libro farase un comentario oral entre todos da historia lida, tendo en conta: argumento, personaxes, lugares onde transcorre a acción, época, costumes, etc.
 - Cubrir unha ficha técnica do libro en que apareza: título, autor, ilustrador, editorial, argumento e comentario persoal.
 - Proporcionar ao alumnado un cadro apaisado, dividido en varias viñetas; nelas debuxarán e explicarán as principais escenas do libro lido. Tamén se pode facer un debuxo libre sobre a escena que máis lle gustara.
 - Selección dos traballos de mellor calidade
 - Elaborar un mural de exposición cos traballos seleccionados que recollerá: portada, datos do libro, argumento, cómic e debuxos sobre él.
- Lista dos libros máis lidos: Na aula, por exemplo na parte interior da porta pódese colocar unha cartolina para facer a lista “os máis lidos”. A principio de curso o profesor, na cartolina colocada verticalmente, escribe nunha columna á esquerda por orde alfabético os títulos dos libros da biblioteca de aula. Enriba, en horizontal, o nome e o número de cada alumno. Do cruce de verticais (títulos) e horizontais (alumnos) sae unha cuadrícula, nela, os alumnos, despois de ler cada obra, colocan no cadro correspondente un gomet dunha cor diferente segundo canto lles gustara.

FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NA BIBLIOTECA:

Establecerase unha hora semanal mínimo para cada grupo, para lectura e consulta de calquera tipo de textos habituando aos alumnos/as ás normas básicas que hai que cumprir e que estarán expostas na entrada á mesma. Durante o recreo poden acudir libremente e pedir libros para consulta.

FOMENTO DO HÁBITO LECTOR NO CENTRO:

É importante crear un clima lector no centro de modo que se perciba a presenza da lectura en torno á biblioteca escolar. As actividades para a promoción da lectura son:

- Proposta, por parte do Equipo de Normalización Lingüística, de diversas actividades ó longo do curso, centradas en distintos centros de interese.
- Encontro con escritores e ilustradores tras ler algunha obra
- Proxección de películas baseadas en libros de Literatura infantil e xuvenil.
- Talleres creativos: de poesía, refráns, adiviñas, narrativa e teatro...
- Actividades organizadas dende a biblioteca escolar: de formación de usuarios, educación documental e fomento da lectura:
 - Servicio de préstamos
 - Visitas guiadas
 - Recomendacións periódicas de libros
 - Exposicións de novidades
 - Celebracións de efemérides e festas tradicionais.

O equipo da biblioteca poderá facer propostas de actividades para a celebración das seguintes datas: día da biblioteca (24 de outubro), día da Paz (30 de xaneiro), día de Rosalía (24 de febreiro), semana da prensa (2ª semana de marzo), día da poesía (21 de marzo), día do libro Infantil e Xuvenil (2 de abril), día internacional do libro (23 de abril), día das Letras Galegas (17 de maio).

LECTURA NA CASA:

Os alumnos/as deberán ler na casa libros elixidos por eles mesmos, polo menos un cada mes. Poden ser da biblioteca da aula, do centro, da Municipal ou da súa propia casa. Unha vez elixido o libro, cubrirán unha ficha cos datos do mesmo e o argumento, que entregarán ao titor. Premiarase aos mellores lectores do trimestre cun diploma acreditativo.

5.3.3 Apoio aos alumnos/as con dificultade lectora

O apoio aos alumnos/as xira en torno a dous eixes: a **identificación das dificultades lectoras** e a **intervención temperá** que inclúa os apoios e os reforzos.

En principio este alumnado participará nas mesmas actividades que os seus compañeiros/as, e recibirán a axuda que necesiten en cada caso. Organizaranse clases de apoio para os que presenten algún tipo de problemática que impida o seguimento normal das clases. Farase unha valoración por parte da Orientadora, quen decidirá a periodicidade con que van a recibir este apoio e as duracións das sesións en función das necesidades detectadas. O traballo dos profesores especialistas de PT e AL centrarase fundamentalmente en aumentar as súas competencias nas áreas instrumentais. As dificultades máis frecuentes que presentan os alumnos en lectura teñen que ver coa velocidade e a precisión lectora e coa falta de comprensión. É importante identificar pronto as dificultades e as súas causas, que a miúdo, están relacionadas cunha competencia lingüística ou cun desenvolto deficiente das habilidades prelectoras e prescriptoras. Os aspectos a ter en conta en relación con esta habilidade prelectora necesaria para un correcto desenvolvemento do proceso lector son:

- Percepción e discriminación visual: recoñecemento de formas, tamaños, cores
- Percepción e discriminación auditiva: distinción de sons
- Lateralidade: esquema corporal; conceptos de esquerda-dereita, de arriba-abaixo, direccionalidade dentro dun espacio
- Grafomotricidade: habilidade para realizar exercicios de bucles, festóns e figuras xeométricas sinxelas.
- Organización temporal. Secuencias de orde temporal (antes-despois)
- Sentido rítmico: secuenciacións rítmicas sinxelas
- Memoria: memorización de rimas, poesías, adiviñas, exercicios de memoria visual para recoñecemento de palabras.
- Linguaxe oral: falar cunha corrección que corresponda coa súa idade cronolóxica (vocabulario e fluidez verbal).
- Aos alumnos/as que reciben apoio ou o teñen recibido con anterioridade, hai que facerlles un seguimento, polo que deberase ter en conta:
- Que as lecturas sexan motivadoras

- Hai que asegurarse, mediante a formulación de preguntas, que captan o sentido do texto.
- Que na lectura en voz alta se preste atención á pronunciación de fonemas con “r”, así como á omisión de “l”, “n”, “r”, “s” en sílabas inversas
- Seguir as pautas marcadas polo Departamento de Orientación para cada curso
- Ante calquera dúbida, solicitarase a intervención da Orientadora.

A adquisición de estratexias para mellorar a velocidade e precisión lectora e a comprensión é fundamental para afrontar con éxito as tarefas escolares. Para elo é necesario elixir as actividades que se adapten mellor ás necesidades de cada alumno/a, ás peculiaridades do seu aprendizaxe e nivel curricular.

O Equipo de Biblioteca colaborará co de Orientación na busca de estratexias e actividades para traballar con este alumnado.

6. METODOLOXÍA

É importante concretar as actuacións comúns que o profesorado levará a cabo en relación coa lectura nos distintivos ciclos e os acordos sobre o ensino das estratexias lectoras.

6.1 PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

A continuación expóñense unha serie de principios que deberemos ter en conta á hora de elaborar o Plan Anual de Lectura.

- Incidir en aqueles aspectos nos que o alumnado ten máis dificultades á hora de comprender e producir textos, tanto orais como escritos. No momento de establecer o Plan Lector é importante axustar as medidas ás necesidades detectadas nas diferentes avaliacións de lectura.
- Buscar oportunidades de practicar a lectura: desde cada área ou materia, cada profesor buscará momentos para practicar a lectura cos seus alumnos, á vez que traballa a materia. O Plan de Lectura non debe supoñer unha sobrecarga do traballo diario.
- Non é suficiente incluír textos para traballar na clase, é importante, pero non suficiente. Hai que ensinar a ler eses textos, a entender o significado, e

a reflexionar sobre os mesmos.

- Traballar todo tipo de textos: para un desenvolvemento equilibrado da lectura e da escritura debe favorecerse o contacto dos alumnos con todo tipo de textos. Ao elaborar o Plan Anual, o equipo de profesores deberá determinar os textos que se traballarán de maneira prioritaria en cada ciclo, de modo que ó longo da E.I. e E.P. os alumnos deberán ter contacto suficiente con todo tipo de textos (narrativos, descritivos, expositivos de instrucións...), e de xéneros textuais (o conto, a novela, a carta, a noticia...)
- Ler sen ter que oralizar: A oralización do texto ou lectura en voz alta, é a principal actividade escolar do primeiro aprendizaxe lector e é tamén a máis utilizada cando se aborda un texto colectivamente. Pero temos que ter en conta que esta práctica acostuma ao alumno a adoptar un comportamento diferente do propio dun lector, xa que, por exemplo, non lle permite controlar a lectura a partir da posibilidade de avanzar ou retroceder voluntariamente para encontrar ou rectificar información pois o obxectivo inmediato é acadar unha boa oralización. A consecuencia desta actividade é que os nenos non poden dedicar moita atención á finalidade da lectura –a darlle sentido- e habitúanse a descifrar mecánicamente sen tratar de entender o texto. Para evitalo terase en conta a asimilación das ideas de cada parágrafo, para o que será preciso unha lectura posterior fragmentada e coas interrupcións e volta atrás precisas ata acadar a comprensión.
- A lectura en voz alta ten que ser unha actividade presente na educación lectora. Pero hai que ter en conta que non debe consistir nunha mera oralización do texto. O que interesa é que se produza unha situación de comunicación oral na que estará implicado o emisor e o receptor, para que sexa unha verdadeira lectura expresiva. Cando traballemos a lectura en voz alta axudaremos ao alumno a comprender que aínda que neste tipo de lectura importa moito a claridade, a vocalización, a fluidez e o respecto pola entoación adecuada en cada, non poden descoidar a comprensión do texto.
- Lectura e escritura son dúas actividades complementarias: da lectura extraemos significados a partir dun texto e na produción de textos damos

forma a un contido mental mediante a escritura. Na aprendizaxe da escritura han de desenrolarse técnicas de organización do texto que redundan nunha mellora da lectura e á inversa.

- Ensinar estratexias de organización do coñecemento axuda na lectura.

6.2 ENSINANZAS DAS ESTRATEXIAS LECTORAS

O proceso de comprensión lectora implica activación de distintas estratexias que deben ser traballadas para que poidan ser automatizadas e aplicadas en distintos contextos. A continuación indícanse algunhas pautas para traballalas:

- Recoñecer o propósito da lectura: Qué ler, por qué ler e para qué ler. Sempre que se propoña unha tarefa de lectura ou de escritura hai que explicar a finalidade, a utilidade e o método de traballo. É de grande importancia o clima que hai que crear antes da lectura dun texto para que a actividade teña significado.
- Antes da lectura débense activar os coñecementos previos e facer previsións; durante a lectura aclarar posibles dúbidas e formular novas hipótesis; despois da lectura formular e responder preguntas; identificar a idea principal; secuenciar as ideas fundamentais que conforman a idea principal; facer resúmenes e comentarios
- Técnicas para eliminar o silabeo: Consiste en realizar unha lectura silenciosa repetitiva dunha palabra ou frase de reducida extensión e, unha vez dominada e adquirida a seguridade de que se vai ler con fluidez, realízase a lectura oral.
- Recoñecemento rápido das palabras: O recoñecemento rápido das palabras escritas de uso máis frecuente facilita considerablemente a comprensión. Se este recoñecemento supón moito esforzo, o lector pode concentrarse menos noutras operacións necesarias para a comprensión, como a realización de inferencias. Esta habilidade de recoñecer gráficamente as palabras ten que ver, entre outros factores, co número de veces que eses termos foron vistos escritos. É moi importante que nos primeiros niveis se traballen as palabras de uso máis frecuente dende esta perspectiva de recoñecemento visual rápido das mesmas.

Actividades que favorecen o desenvolvemento desta estratexia son, inicialmente, a aprendizaxe dos trazos definitorios das letras e, posteriormente, actividades de letras desordenadas, sopas de letras, encrucillados, encadeados, derivación de palabras, palabras compostas, reconstrucción de textos, unión de definicións con palabras, etc.

- Establecer unha xerarquía entre as ideas: Distinguir entre ideas principais e secundarias require que se ensinen expresamente algunhas estratexias específicas. Para a construción do significado global do texto existen unas estratexias ou regras para simplificar a información:
 - A selección consiste en omitir o irrelevante, é dicir, deixar de lado as informacións accesorias e non necesarias.
 - A xeneralización ou substitución de varios enunciados por un máis xeral presente no texto, que os representa a todos.
 - A construción ou substitución dunha secuencia de enunciados por outro non presente no texto, pero que sintetiza o seu significado.

Estas estratexias poden ser utilizadas para elaborar resumos, esquemas ou mapas conceptuais.

- Ademáis da elaboración de resumos, esquemas ou mapas conceptuais, pódense levar a cabo outras posibles actividades que serven para traballar a idea global como entregar aos alumnos/as dous textos diferentes xuntos para que os separen ou ofrecer un texto desordenado para que o ordenen.
- Realizar inferencias (interpretacións, hipóteses, predicións, conclusións...) : A inferencia é unha estratexia de razoamento imprescindible para a comprensión, xa que o texto non é nunca de todo explícito nin unívoco, senón que o lector é quen determina o significado da mensaxe a partir do recoñecemento da intención comunicativa do emisor e o coñecemento do contexto. A falta de capacidade de inferir dificulta enormemente a comprensión sobre todo de textos que conteñen moita información non expresada explicitamente, porque dificulta a realización automática das necesarias conexións entre as ideas.

Grande parte das dificultades de comprensión dos alumnos/as que non presentan problemas de descodificación radican en que non teñen

suficientemente desenvolvida a súa capacidade de facer inferencias, interpretar polo que lles resulta sumamente difícil integrar ideas e información. Estas dificultades maniféstanse a miúdo nestes dous campos.

- Problemas para relacionar unha idea e o seu antecedente: algunas palabras-clave (pronome, adxectivo, substantivo sinónimo, expresión anafórica) asumen o significado dunha parte anterior do texto e axudan a deducir a relación entre unha idea e o seu antecedente.
- Relacións entre as ideas, moi frecuente ten textos expositivos: relación de comparación, de causa-consecuencia, de pregunta-resposta, de ordenación cronológica....

Distintas actividades axudan a desenvolver esta estratexia. Que o/a mestre/a faga de modelo, realizando inferencias en voz alta durante a lectura, é unha práctica didáctica bastante habitual. A manipulación do texto por parte dos alumnos é outra das técnicas utilizadas: a fragmentación do texto en parágrafos desordenados para que sexan ordenados polos alumnos.

Outra das actividades que contribúe ao desenvolvemento desta estratexia lectora consiste en ofrecer a representación gráfica do texto (esquema ou mapa conceptual) e pedir os alumnos que se formulen preguntas a sí mesmos antes da lectura do texto.

6.3 ACTUACIÓNS COMÚNS DO PROFESORADO

Corresponde ao profesorado planificar o ensino da lectura, utilizar as estratexias lectoras e favorecer o clima para que os alumnos/as poidan ter ricas experiencias de lectura, dende unha intervención directa orientada á potenciación da autonomía lectora do alumno. Isto implica atender ao proceso e non só ao resultado, polo que a batería de preguntas despois de cada texto non é o mellor xeito de ensinar as estratexias lectoras.

Os acordos do profesorado respecto ás actuacións que desenvolverán nos distintos ciclos deben xirar en torno aos seguintes aspectos:

- a. Lectura en todas as áreas respectando un marco teórico compartido.
- b. Importancia do traballo preventivo, que trata de evitar que xurdan dificultades

lectoras, polo que as actuación nos primeiros anos de escolarización adquiren suma importancia no desenvolvemento lector dos alumnos (actividades de prelectura e preescritura).

- c. Primacía da comprensión do lido sobre a velocidade ou precisión dende o primeiro momento
- d. Selección de textos adecuados para os diferentes ciclos, comprobando que respondan a distintas situacións de lectura e aos tipos de texto acordados.
- e. Revisión dos materiais curriculares disponibles e modificación ou complementación das actividades lectoras que neles se propoñen de modo que acaden todos os procesos lectores descritos.
- f. Práctica sistemática das estratexias lectoras definidas para cada ciclo
- g. Formulación integradora da lectura nas distintas áreas lingüísticas para que se facilite a transferencia lingüística: a estudar os tipos de texto e xéneros textuais, na produción de textos escritos, ao traballar estratexias lectoras e ao avaliar o alumnado
- h. Desenvolvemento das actividades de animación á lectura programadas para cada ciclo.

7. RECURSOS DO CENTRO PARA O DESEÑO DO PROXECTO

7.1 RECURSOS HUMANOS

Para a realización do plan é necesaria a implicación de todo o profesorado: equipo directivo, equipo da biblioteca e o resto dos mestres/as (titores e especialistas). Sen a implicación de cada un dos profesores/as que imparten clase a un grupo de alumnos/as, difícilmente poderase levar adiante un plan de mellora da lectura, aínda que formalmente poda estar recollido nun documento ben elaborado e incluso aprobado pola CCP. O éxito do Plan de Lectura, depende, en gran medida, do compromiso do profesorado para levalo a cabo. Corresponde a este a adaptación das medidas acordadas á súa propia metodoloxía.

7.2. RECURSOS MATERIAIS

- Fondos da biblioteca escolar

- Biblioteca de aula
- Equipos nas aulas que poden ser útiles para alguna sesión de animación.
- Unha aula de informática, con equipos de sobremesa conectados a internet. Temos tamén unha rede wifi no centro, polo que temos internet en todas as aulas do centro. Pizarras dixitais interactivas co seu correspondente proxector e ordenador para uso preferente do profesorado.
- Sala de profesores: nela disponemos de dous equipo con conexión a internet e impresora a disposición do persoal docente

7.3 TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC) E LECTURA

Internet abre novas posibilidades á escola como é a de acceder a grandes cantidades de información, expoñer os traballos dos profesores e dos alumnos/as e a de comunicarse con persoas que se atopan noutros lugares. No obstante, existe o risco de que os alumnos/as tendan a apropiarse das informacións disponibles sen asimilalas nin as converter en fonte de coñecemento. Este risco fai necesario que os profesores os orienten e formulen actividades nas que se exixa que o alumnado seleccione a información e a reelabore.

Pódense desenvolver moitas actividades nos centros para desenvolver as capacidades necesarias para a lectura en soporte electrónico como a utilización de programas de ordenador para traballar a comprensión lectora e a autorregulación, a lectura de contos e libros electrónicos, a busca de información en internet, colgar nunha web traballos sobre literatura infantil ou xuvenil ou sobre xeografía, costumes ou historia da zona, definir o seu blog e publicar os seus traballos, ler noticias en formato electrónico...

Por outra banda, as/os mestras/es poden dispoñer en internet de moitos recursos sobre a lectura. A continuación indícanse algúns que convén consultar:

- Literatura Infantil y Juvenil en Internet:
- Pequenet: <http://www.pequenet.com/cuentos/index.asp>
- (páxina con contos infantís, trabalinguas, adiviñas, chistes, xogos, etc.)

- Léeme un cuento: <http://www.leemeuncuento.com.ar>
- (contos, poesías, trabalinguas, etc)
- El cuentacuentos: <http://personales.mundivic.es//llera/cuentos/cuentos.htm>
- El caserón de Milagros y Oya <http://www.encomix.es/users/milaoya>
- Garabato: <http://pacomova.eresmas.net>.
- Contos, adiviñas, trabalinguas, teatro infantil, fábulas, etc.
- Mil cuentos: <http://milcuentos.comgaleon.com>
- Contos narrados oralmente. Pódense imprimir fichas para colorear
- Tu páxina de teatro infantil: <http://www.teatroinfantil.tuportal.com>
- Disneylatino.com Trátase dunha páxina de xogos para nenos de Disney
- Taller de lectura. <http://www.educa.jcyl.es/educacyl/cm/zonaalumnos>
- Accedemos a “lingua” e dende alí a “Biblioteca”
- Biblioteca de Literatura Infantil y Xuvenil: <http://cervantesvirtualcom/>
- Trátase dunha biblioteca virtual
- Imaginaria: <http://imaginaria.com.ar/>
- (revista quincenal sobre literatura infantil y xuvenil)
- Leer y vivir: <http://www.educared.net/aprende/vivircuento/index.htm>
- Espacio virtual que ofrece libros, seleccións bibliográficas, actividades e recursos didácticos relacionados coa lectura

8. AVALIACIÓN

8.1 AVALIACIÓN DO DESENVOLVEMENTO DO PLAN LECTOR

Ao longo do curso, o coordinador/a do Proxecto Lector, xunto co Equipo de Apoio á Biblioteca Escolar e a CCP, deberá facer un seguimento e avaliación das actuacións que se desenvolven en relación coa competencia lectora e o fomento do hábito lector.

O Equipo de Biblioteca, a comezos de curso, propónse uns obxectivos que avaliará sobre a marcha para modificalos se fose preciso, e dar resposta ás dificultades atopadas. O procedemento a seguir será a observación directa e indirecta. Garantírase, a maiores, unha avaliación global trimestral, segundo os criterios de organización e as actuacións desenvolvidas. O Equipo de Biblioteca reunírase trimestralmente co fin de: analizar necesidades, realizar propostas,

promover suxestións para a adquisición de fondos e equipamento, revisar o grao de cumprimento dos obxectivos propostos e realizar estratexias de colaboración coa Biblioteca do Concello e bibliotecas escolares da zona.

Analizaranse, entre outros, os seguintes aspectos:

A utilización da biblioteca na hora asignada

- O grao de utilización do servizo de préstamo
- A idoneidade das actividades realizadas e dos recursos empregados
- A colaboración e participación nas actividades organizadas
- A temporalización das diferentes actuacións
- A coordinación entre os diferentes equipos de profesores
- A metodoloxía empregada
- A integración dun tempo dedicado á promoción e comprensión lectora no traballo diario de aula.
- O grao de consecución dos obxectivos propostos

Os titores deberán facer un seguimento do avance nas prácticas lectoras ó longo de todo o curso. Trimestralmente avaliarase en todos os niveis a velocidade, a comprensión e a eficacia lectora.

É importante ter claro cando un alumno/a ten desenrolada a competencia lectora (en canto a técnica e comprensión) e cando non a ten.

EN CANTO Á TÉCNICA LECTORA LECTOR COMPETENTE LECTOR INCIPIENTE

- É eficaz ao mover os ollos diante dun texto.
- Le habitualmente en silencio, aínda que se é necesario tamén pode oralizar.
- Non move os labios na lectura silenciosa (subvocalización) Fai fixacións oculares rápidas, amplas e selectivas, centrándose en unidades superiores do texto (frases e letras) e non nos elementos mínimos (letras) Non le sempre da mesma forma xa que se adapta a cada circunstancia e texto
- Utiliza diversas microhabilidades de lectura (ollada, anticipación, lectura entre liñas ...)
- Posúe un repertorio pobre de microhabilidades de comprensión. Está afeito a ler palabra por palabra

- Subvocaliza cando le en silencio
- Anticipación nula
- Está obsesionado pola descodificación de cada letra e o seu valor fonético
- Mostra regresións, omisións, e repeticións
- Le sempre da mesma forma sen ter en conta nin a tipoloxía textual nin os tons (lingüística e afectiva)
- Non sabe elixir ferramentas diferentes nin para cada obxectivo de lectura nin para os diversos textos.

EN CANTO Á COMPRENSIÓN LECTOR COMPETENTE LECTOR INCIPIENTE

- Comprende o texto en profundidade
- Resume o texto de forma xerarquizada,
- Pode chegar a alcanzar mínima comprensión, destaca as ideas importantes e distingue as relacións que hai entre a información.
- Identifica a importancia relativa de cada información
- Integra a información en estruturas xerárquicas e textuais
- Selecciona a información segundo a súa importancia no texto e entende como a valorou o emisor, aínda que a él mesmo lle poida interesar unha selección distinta
- Sintetiza a información: sabe usar palabras ou construír frases que a preguntan
- Acumula a información en forma de lista
- Non é capaz de identificar a importancia das diversas informacións do texto
- Suprime o que lle parece redundante
- Copia o resto sen guía determinada
- Non categoriza as diversas ideas do texto
- Selecciona, moi influído pola colocación da información no texto (con predominio de frases iniciais) ou segundo o seu interese subxectivo

9. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Toda a información, tanto de carácter cuantitativo como cualitativo ten que ser

rexistrada. A variedade en instrumentos, métodos utilizados e fontes de información consultadas é fundamental na avaliación do Plan. É necesario coñecer a opinión de todos os sectores implicados, polo que se farán enquisas ó longo do curso e se valorarán os resultados. Polo tanto débense aplicar:

- Probas de avaliación de competencia lectora dos alumnos
- Enquisas relativas ás actividades desenroladas, á utilización da Biblioteca do centro, das bibliotecas de aula, aos hábitos de lectura, etc.
- Elaboración da memoria final.

10. CONCLUSIÓN

A lectura é unha xanela aberta ao mundo que contribúe ao desenvolvemento integral da persoa a nivel cognitivo, afectivo, comunicativo e expresivo. Ademais, é lendo como se aprende a pensar e desta maneira desenvólvese a personalidade, é por iso, polo que a través de este proxecto deseñado para o noso centro, pretendemos promover a lectura no noso alumnado, e sobre todo para aquel alumnado quen normalmente resulta ser unha actividade obrigatoria e non pracenteira. Segundo afirma Mata (2009): “Ninguén dubida a estas alturas que a experiencia de ler debe ser ante todo grata e desexable. Pero unha cousa son os discursos e outra ben diferente, a práctica cotiá”.

Non cabe dúbida de que a lectura é a base da aprendizaxe; por tanto, é importante fomentar o gusto e o interese pola mesma de forma que os nenos incorporen esta actividade na súa rutina diaria, entendéndose por tal a capacidade que ten unha persoa para desenvolver habilidades lectoras, tanto físicas como dixitais, e que abarca desde a motivación ata a comprensión (Pérez-López e Gómez, 2011).